



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta e un de outubro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez , Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 24 de outubro de dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Antonio Mendoza Casas**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. Brasilia nº 39, 9º C, en Madrid, con número de rexistro de entrada 3377. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 25.10.2011. A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Franco a Quintas, en Sanín, (Ref. Catastral 32070A028013010001US), a solicitude de **Don Antonio Mendoza Casas**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMESTICO.-

1.-“Visto o escrito presentado por **Don Juan Manuel Carpintero Tavares**, con domicilio na Rúa Rosalía de Castro nº 9, 4º, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para dito inmovible, a Xunta de Goberno Local por



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 10.10.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

REENGANCHE POR CORTE DE SUMINISTRO.-

1.-Visto o escrito presentado por **Don José Carlos Álvarez Rodríguez**, con domicilio na Rúa Ribeiro nº 74, 4º C, en Ribadavia, no que prega se lle autorice o reenganche da acometida de auga para dito inmovible, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 22.09.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.-Visto o escrito presentado por **Dona Miriam Cuadrado da Luz**, con domicilio na Rúa Ribeiro nº 30, 2º izq., en Ribadavia, no que prega se lle autorice o reenganche da acometida de auga para dito inmovible, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 04.10.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

3.-Visto o escrito presentado por **Don Carlos Albornoz Domínguez**, con domicilio na Rúa Extramuros nº 24, 1º dcha., en Ribadavia, no que prega se lle autorice o reenganche da acometida de auga para dito inmovible, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 26.09.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1. Comunicación remitida por fax de data 24 de outubro de 2011, relativa a procedemento ordinario 4931/2002 seguido ante o STX, relativo a imposición de duas multas coercitivas ao Sr. Alcalde con advertencia de que se deberá proceder ao pago da cantidade adeudada antes do 30 de novembro de 2011 remmitíndose en caso contrario as actuacións a fiscalía aos efectos establecidos no art. 112 da Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.
2. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 27 de outubro de 2011 N° RE 5123, relativa a “Expediente de autorización para legalizar un relleno en zona de policía de la margen derecha del arroyo Fondo de Vila, en Fondo de Vila, término municipal de Ribadavia (Ourense)”.
3. Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data RE 25 de outubro de 2011 N° RE 5092, relativa a comunicación de expediente sancionador.
4. Comunicación da Empresa Gestima S.L con data RE 27 de outubro de 2011 N° RE 5113, relativa ao incremento das tarifas do parking Alameda de acordo coa actualización da porcentaxe do IPC.
5. Comunicación da Empresa Gestima S.L con data RE 27 de outubro de 2011 N° RE 5112, relativa a solicitude de equilibrio económico financeiro.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL.-

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.10.2011 no que se dicía o seguinte en relación co pago do ICIO por tramitación de licenzia urbanística e comprobada a existencia de erro material, onde di:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

*Primeiro.- Conceder licenzia de obras para rehabilitación de edificación a **Don Pier Luigi Zenaro** que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 3.640,00 €.*

Debe dicir:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

*Primeiro.- Conceder licenzia de obras para rehabilitación de edificación a **Don Pier Luigi Zenaro** que xa consignou o importe do imposto de instalacións, construcións e obras.*

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI.-



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Visto o escrito de **Don Arsenio Gonzalez Rodríguez**, con domicilio na Rúa Avía nº 6, 2º, no que prega o troco do vehículo matrícula 4384-GBF adscrito á licencia de autotaxi nº 10, por outro novo (HIUNDAI 40), matrícula 9111-HGT, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licencia nº 10 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 9111-HGT, causando baixa a tódolos efectos o vehículo matrícula 4384-GBF. Polo interesado deberán cumprirse tódalas dispoicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolver-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal.

COMUNICACIÓN DE TRABALLADOR ASALARIADO.-

Dase conta polo secretario da solicitude realizada por Don Arsenio González Rodríguez con domicilio na Rúa Avía nº 6, 2º, relativa a comunicación de traballador asalariado e expedición de tarxeta de permiso de conductor.

A Xunta de Goberno Local toma conocimiento e acorda por unanimidade dos seus asistentes autorizar a expedición de permiso de conductor a favor de Don Eliseo Pérez Martínez.

CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

Dase conta polo secretario do convenio asinado entre o concello de Ribadavia e a UNED.

NOMEAMENTO COORDINADOR SEGURIDADE E SAUDE.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda nomear como coordinadora de Seguridade e Saude para a “obra de Campo de Fútbol de Cepede artificial de Ribadavia” a Arquitecto Municipal Dona Mercedes Álvarez López.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.